

**COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES**

NOVO TITULAR:	
DNI/CIF:	Tfono:
ENDEREZO:	
REPRESENTANTE:	
DNI:	Tfono:
ENDEREZO:	
ACTIVIDADE:	NOME COMERCIAL:
UBICACIÓN ESTABLECEMENTO:	
ANTIGO TITULAR:	EXpte.:

■ COMUNICA ao concello de Marín a transmisión da titularidade da licenza da actividade arriba consignada.

► Que a partir da data continuará co exercicio da actividade indicada ao seu nome, de conformidade co disposto no artigo 24 da lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, aportando, xunto coa presente, a acreditación da alta na declaración censal do IAE, copia da documentación acreditativa da dispoñibilidade do local e copia do dni/cif.

■ DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

► Que a actividade a desenvolver é a comunicada, que non foi interrompida por tempo superior a seis meses e non se realizaron reformas substanciais do local nin calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento que se axusta, en canto ao seu acondicionamento, ao que obtivo licenza de apertura -ou comunicación previa da actividade- no expediente e nome arriba citados.

► Que se axustará e cumprirá os requisitos normativamente esixidos e manterá tódalas medidas correctoras precisas para o correcto exercicio da actividade durante o tempo a él inherente.

► Que, ao tratarse de autorizacións de tracto sucesivo ou continuado, acomodárase á normativa reguladora que vaxa entrando en vigor, previa obtención das preceptivas licenzas, se fosen necesarias.

Marín, _____ de _____ de 20

Asdo: _____

Cláusula de protección de datos:

De acordo co disposto na Lei 15/1999, informámoslle que os seus datos persoais incorporáranse nun ficheiro cuxo responsable é o Concello de Marín, con domicilio en Avda. de Orense, s/n, 36900 Marín (Pontevedra), onde poderá exercitar, en todo momento, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, de oposición. Mediante a facilitación dos seus datos persoais vostede autoriza o seu tratamento coa finalidade de tramitar o contido da presente instancia aos efectos oportunos.



PROCEDIMENTO DE COMUNICACIÓN E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Formulará, no Rexistro Xeral do Concello, a COMUNICACIÓN PREVIA, cubrindo o presente formulario con abono das taxas que procedan e achegará a seguinte **DOCUMENTACIÓN**:

- ▶ Copia do DNI da persoa física. No caso de persoa xurídica, aportará o seu CIF e escritura de constitución da sociedade.
- ▶ Copia da declaración censal de alta no IAE **ou** epígrafe fiscal no que se encuadre a actividade (Facenda)
- ▶ Copia do documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de aluguer, escritura de propiedade do local, ...).

EFFECTOS:

A comunicación previa presentada, cumprindo todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e faculta á administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela. O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo da audiencia ao interesado/a. (Art. 25 da Lei 9/2013).

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se achega á comunicación previa comporta, logo da audiencia do/a interesado/a a declaración de ineficacia da comunicación e impide o exercicio da actividade afectada dende o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos. (Art. 26.1 da Lei 9/2013).

Quen exerza a titularidade das actividades debe garantir que os seus establecementos manterán as mesmas condicións que tiñan cando éstas foron iniciadas, así como tamén adaptar as instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan. Así mesmo deberá comunicar ao órgano competente calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento.(Art. 27 da Lei 9/2013).